

ORDENANZA número 17 SOBRE SALUBRIDADE, ORNATO PÚBLICO E NORMAS SOBRE CONVIVENCIA CIDADÁ.

As modificacións legislativas acontecidas nos últimos anos no eido do dereito administrativo, explican que as referencias legislativas contidas nos textos regulamentarios municipais estean actualmente desfasadas, xerando unha situación de inseguridade xurídica que convén atallar.

Por outra banda, determinadas contías, coma as sancionadoras en materia de salubridade pública, quedaron desfasadas, e non tanto pola variación do poder adquisitivo coma polo incremento da conciencia social dos valores relativos á habilitabilidade e salubridade.

Finalmente, coa entrada en vigor da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendimento e da competitividade económica de Galicia, suprímese a licenza municipal para as denominadas obras menores, polo que convén adaptar a esta circunstancia as referencias contidas nesta ordenanza.

Por todo o cal, propónse á modificación da Ordenanza núm 17 SOBRE SALUBRIDAD, ORNATO PUBLICO E NORMAS SOBRE CONVIVENCIA, de xeito que quede redactada como segue:

TITULO PRELIMINAR

Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1º.

A presente ordenanza ditase ó amparo do disposto na lexislación vixente no Réxime Local e en particular no artigo 25.2 f e h que atribúe ó Concello competencias entre outras materias para a protección do medio ambiente e da salubridade pública. Ten como obxecto principal lograr o benestar colectivo e organiza-la comunidade de tal forma que se consiga unha convivencia cidadá e a igualdade de dereitos e obrigas.

Para a consecución dun fin primordial, esta Ordenanza articula as normas necesarias que modularán a actividade dos habitantes do Concello.

Artigo 2º.

A presente Ordenanza será de aplicación en todo o termo municipal á que quedarán obrigados tódolos seus habitantes calesqueira que sexa a súa cualificación xurídico-administrativa.

O Concello terá a obriga de poñer en coñecemento dos habitantes o contido desta Ordenanza, utilizando para iso os medios de difusión destinados a tal efecto.

A ignorancia do contido da presente Ordenanza non será escusa en caso de incumprimento.

TITULO I

NORMAS DO SERVICIO DE RECOLLIDA DOMICILIARIA DE BASURAS E RESIDUOS SOLIDOS URBANS.

Artigo 3º.

Por residuos sólidos, a efectos deste Regulamento, entendese todo material resultante dun proceso de fabricación, transformación, utilización, consumo ou limpeza cando o seu posuidor ou produtor o destina ó abandono.

Artigo 4º.

Por recollida domiciliaria enténdese, a efectos deste Regulamento a recollida nos domicilios habituais, comercios, centros de servizos, hoteis, hospitais, clínicas, ambulatorios, solares e centros industriais.

Artigo 5º.

Para garanti-la salubridade cidadán considerase que a utilización do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos é de carácter xeral e obrigatorio cando se trate de lixos, desfeitos as seguintes actividades e situacións:

- a) Domicilios particulares, incluídos escorias e cinzas de calefaccións.
 - b) Comerciais e de servizos, incluídas zonas deportivas e de recreo.
 - c) Sanitarias en hospitais, clínicas e ambulatorios.
 - d) Limpeza de solares, así como centros industriais.
- O horario de recollida de lixos e o itinerario fixarase mediante bando da Alcaldía.

Artigo 6º.

O servizo municipal inclúe, sen que supoña obrigación de utiliza-las con carácter xeral, as seguintes actividades e situacións:

- a) Abandono de animais mortos, mobles, enseres e vehículos.
- b) Obras menores de reparación domiciliaria.

Artigo 7º.

O servizo municipal non comprende a recollida e tratamento producidos como consecuencia das seguintes actividades:

- a) Industriais.
- b) de Construción.
- c) Agrícolas e gandeiras.

PROCEDEMENTO E ELEMENTOS DE RECOLLIDA.

Artigo 8º.

Os usuarios do servizo virán obrigados:

- A deposita-lo lixo nos contedores en bolsas de plástico ben pechadas.
- Nos contedores non se poderá depositar maleza procedente da limpeza de xardíns, hortas, etc.
- Queda terminantemente prohibido, arroxar nos contedores madeiras, ferros, e demais obxectos que pola súa natureza, poidan danar o mecanismo de trituración con que vai dotado o camión para recollida de lixo.
- As pilas de botón, pilas alcalinas e as que leven marcadas como nivel níquel, cadmio, non poden depositarse nos contedores, debendo ser entregadas nos establecementos onde as adquiren habitualmente, xa que pola súa perigosidade poden contamina-los nosos ríos poñendo en grave perigo a nosa saúde.

O Concello adquirirá recipientes para o seu almacenaxe e posterior envío a un vertedoiro especial para residuos tóxicos.

Artigo 9º.

O Concello utilizará vehículos especialmente deseñados para este servizo herméticamente cerrados que impidan os malos olores e o verquido non controlado.

Artigo 10º.

O lixo ou residuos sólidos serán evacuados ó verquedeiro municipal controlado, onde alternativamente cubertas con capas de terra, ou incinerados, segundo a ubicación e características do verquedeiro.

Artigo 11º.

Os envases de vidro depositaranse nuns contedores especiais que adquirira o Concello e están instalados en:

Praza do Conncello.

Rúa San Lucas ó lado da igrexa dos Remedios.

Barrio dos Muíños.

Vivendas sociais de Viñas da Veiga.

O diñeiro que se obteña coa venda deste vidro, será destinado na súa totalidade á dotación e mellora de zonas de recreo e esparcemento para os nenos tanto na cidade como nos distintos barrios do Concello.

Artigo 12º.

Tirar lixo ós ríos ou produtos contaminantes, será sancionado por este Concello con imposición de multas da máxima contía aplicable e dándose conta en todo caso ós Organismos competentes en materia de Medio Ambiente.

Artigo 13º.

Os talleres están obrigados inexcusablemente a almacena-los aceites usados, para ser recollidos por empresas autorizadas. Así mesmo deberán dispoñer de arqueta separadora de graxas.

DO SERVICIO NON OBRIGATORIO

Artigo 14º.

O servizo ó que fai referencia o artigo 4º deste Regulamento será prestado a instancia do interesado que deberá solicitalo dos servizos municipais. O Concello destinará nun principio un día ó mes que será o primeiro martes de cada mes, e si é festivo o segundo, para proceder á recollida de mobles vellos, electrodomésticos, envases de vidro e outros obxectos que polas súas características non poidan depositarse nos contedores normais. Para solicitar este servizo deben chamar ó teléfono do Concello 982-52-40-03.

Artigo 15º.

Cando se trate de desfeitos ou residuos sólidos que pola súa toxicidade, volume, configuración ou características especiais non poidan ser recollidos polos servizos normais do Concello, os produtores ou posuidores quedan obrigados a facilitar ó Concello características e este poderá esixir un tratamento previo a súa redución ou que o usuario

colabore con medios propios.

DEREITOS E DEBERES DOS USUARIOS

Artigo 16º. Os usuarios deste servizo teñen dereito:

- a) A que o Concello lles retire o lixo ou residuos sólidos nos días e horas convidas, cos medios técnicos adecuados, salvo causa de forza maior.
- b) A que as taxas a abonar veñan legalmente fixadas na Ordenanza fiscal correspondente.
- c) Os demais dereitos que se deriven da aplicación deste Regulamento ou veñan fixadas nas disposicións legais que lle sexan de aplicación.

Artigo 17º.

Os usuarios do servizo estarán obrigados:

- a) A coloca-lo lixo ou residuos sólidos nas bolsas e recipientes adecuados nas horas e lugares adecuados.
- b) A retira-los recipientes baleiros.
- c) A satisfaca-las taxas na contía e forma previda na Ordenanza fiscal correspondente.
- d) A cumprimentar calquera outra obriga que se derive deste Regulamento e de disposicións legais que lle sexan de aplicación.

Artigo 18º.

- Consídranse faltas en especial:
- A non utilización de recipientes adecuados e previstos.
- O deposita-lo lixo antes dos horarios fixados ou ben en lugares distintos ós sinalados.
- A creación de verquedeiros incontrolados.

TITULO II

NORMAS SOBRE LIMPEZA, VALADO DE SOLARES E ESTADO DE CONSERVACION DAS EDIFICACIONES.

Artigo 19º. A salubridade e o ornato das cidades é un tema de singular importancia. Desta forma, o Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana establécese a obriga de tódolos propietarios de terreos, urbanizacións de iniciativa particular, edificacións e carteis de mantelos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público. Esta mesma obriga recóllese na lexislación urbanística autonómica.

Artigo 20º.

Os efectos desta ordenanza terá a consideración de solares:

- a) As superficies de solo urbano aptas para a edificación por estar urbanizadas conforme ó preceptuado no artigo 82 da Lei do Solo.
- b) As parcelas non utilizables que pola súa reducida extensión, forma irregular ou emprazamento non sexan susceptibles de uso.

Por valado de solar entendese obra exterior de nova planta, de natureza non permanente, limitada ó simple cerramento físico do solar.

Artigo 21º.

O Alcalde exercerá a inspección das parcelas ben de oficio ou a instancia de calquera interesado e, oído o titular ou responsables, ditará resolución sinalando as deficiencias existentes nos solares, ordenando as medidas precisas para subsanalas e fixando un prazo de execución.

Na resolución ademais requirirase ó propietario ou ó seu administrador para que proceda á execución da orde efectuada que, de non cumprila, levarase a cabo polo Concello con cargo ó obrigado, a través do procedemento de execución subsidiaria.

No relativo aos criterios de xestión da biomasa dos solares, estarase aos disposto na normativa forestal autonómica.

Artigo 22º.

Queda prohibido tirar lixo ou residuos sólidos en solares e espazos libres de propiedade pública ou privada.

Todo propietario de fincas ou solares, deberá manter estes limpos de maleza e de escombros de maneira que non invadan a vía pública e convintemente cerradas por unha valla, cando se trate de fincas situadas dentro do conxunto histórico-artístico ou que den fronte a unha beirarrúa quedando prohibido tirar lixo ou residuos sólidos nos mesmos.

Cando pertenza a unha persoa o domicilio directo dun solar e a outra o dominio útil, a obriga recaerá sobre aquela que teña o dominio útil.

Artigo 23º.

A valla ou cerramento do terreo será de material opaco con unha altura dun metro e medio revocado e pintado e deberá segui-la líña de edificación, entendendo por tal a que se sinala a un lado e a outro da rúa ou vía pública o límite a partir do que poderán ou deberán levantarse as construcións.

Artigo 24º.

O valado de solares considerarase obra menor e está suxeito a comunicación previa.

Artigo 25º.

O Alcalde de oficio ou a instancia de calquera interesado, ordenará a execución do valado, indicando na resolución os requisitos e prazo de execución previo informe dos Servizos Técnicos e oído o propietario.

A orde de execución constitúe o título habilitante para realiza-la actividade ordenada.

Transcorrido o prazo concedido sen executa-las obras, procederase conforme ó previsto no artigo 19 desta Ordenanza.

Artigo 26º.

As fachadas das casas e os canalóns manteranse en bo estado de conservación. A pintura que se utilice para pinta-las fachadas das mesmas será de cor branco fundamentalmente ou gris claro.

Os propietarios de edificacións en estado ruinoso deberán adopta-las medidas necesarias para o aseguramento do inmovible ó obxecto de evitar riscos tanto para os habitantes como para os transeúntes, procedendo en caso contrario o Concello á execución subsidiaria conforme ó disposto na Lei de Procedemento Administrativo, sen perxuízo da tramitación do expediente para a declaración de ruína do inmovible conforme ó disposto nos artigos 12 e seguintes do Regulamento de Disciplina Urbanística.

C A P I T U L O III

NORMAS SOBRE USO DA VIA PUBLICA E CONVIVENCIA CIDADANA

Artigo 27º.

Queda prohibido o lavado de coches na vía pública e a utilización de auga de fontes públicas para este fin.

Artigo 28º.

Prohíbese tirar augas fecais á rúa, tirar folletos informativos, así como calquera outra acción que afee, ensucie, produza danos ou sexa susceptible de producilos en lugares de uso ou servizo público e elo con independencia da reclamación dos perxuízos causados. Todo cidadán ten o dereito e o deber en canto a membro dunha colectividade de colaborar na conservación e defensa do patrimonio municipal, impedindo a realización de danos no mesmo e anunciándoo á autoridade competente en caso de producirse.

Artigo 29º.

Por razóns de estética e bo gusto, non está permitido o tendido e exposición de roupas, prendas de vestir e elementos domésticos nos balcóns, ventás, anteteitos, terrazas exteriores ou calquera outro lugar que pola súa situación e orientación á vía pública sexa normalmente visible dende a mesma. Igualmente está prohibido por razóns de salubridade pública sacudir alfonbras e calesquera utensilios empregados na limpeza doméstica dende as ventás ou balcóns cara a vía pública a partir das 10 da mañá e ata as 11 da noite.

Artigo 30º.

Cando se realice unha obra de construción, o responsable da mesma está obrigado a manter limpa a vía pública.

Artigo 31º.

Os animais domésticos e en particular os cans que circulen pola vía pública deberán levar colar con chapa de identificación e ir suxeitos mediante correa-cadea e si fora necesario pola súa perigosidade deberán levar bozo.

Os propietarios dos mesmos deberán toma-las medidas oportunas para evitar rúidos ou calquera outro tipo de molestias ós veciños, así mesmo estará obrigado a retirar os excrementos deste da vía pública e depositalos nunha bolsa dentro das papeleiras ou contedores (esta norma será de aplicación nas rúas do casco urbano).

Artigo 32º.

Prohíbese nas fontes públicas:

- a) Lavar roupa, froitas, verduras ou obxectos de calquera clase.
- b) Lavarse e bañarse.
- c) Votar ou nadar cans ou outros animais e enturba-las augas.

d) Abandonar baixo o chorro, cántaros ou cubos ou calquera outro envase ou recipiente.

e) Abrevar cabalerías e gando.

Artigo 33º.

En particular nas parroquias queda prohibido e será obxecto de sanción o verquido de auga procedente do lavado das cubas de purín nos ríos e fontes. O rego de fincas particulares con purín, levarase a cabo sen perxudicar con dito verquido fincas colindantes doutros propietarios ou bens de uso público, como camiños, prazas, fontes, rúas, manantiais, pozos de auga, etc.

REXIME DE INFRACCIONS E SANCIONS

Artigo 34º.

A infracción das disposicións contidas na presente ordenanza sancionárase con multas de ata 100 euros.

A competencia para a imposición de ditas sancións corresponderá á Alcaldía-Presidencia, conforme ó disposto no art. 21.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril.

A graduación das sancións efectuarase tendo en conta a significación dos feitos intencionalidade do infractor e transcendencia da infracción no ámbito municipal.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente polo Concello Pleno e publicado o seu texto completo no "Boletín Oficial da Provincia", transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Mondoñedo, 30 de marzo de 2016

Dilixencia.- Para facer constar que a presente ordenanza foi modificada no Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de 28 de xaneiro de 2016,(publicada aprobación inicial no BOP nº 042 de 22/02/2016), aprobada definitivamente e publicada no B.O.P. nº 082 de 11/04/2016.